



NORMATIVA DA ES- COLA

PREÁMBULO

A Escola da Federación Galega de Ximnasia, a partires deste momento EFGX, é o órgano técnico encargado da formación, sempre de acordo a lexislación e as normativas propias da Escola Galega para o Deporte.

Esta formación diríxese a tres ámbitos de actuación:

1. Formación de Adestradores/as que a súa vez se divide en dous grupos:
 - a) Adestradores/as de especialidades que se desenrolan ao amparo do establecido na Orde EDC/188/2014 de 5 de febreiro, por a que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos das actividades de formación deportiva aos que se refire a disposición transitoria primeira do Real Decreto 1363/20078, de 24 de outubro. (Ximnasia Rítmica, Ximnasia Artística, Ximnasia Trampolín, Ximnasia Acrobática e Aeróbic)
 - b) Adestradores/as de especialidades que, aínda non teñen desenrolado o currículo na actual lexislación. (Ximnasia Estética e Parkour)
2. Formación de Xuíces/as
3. Formación continua.

TÍTULO I: A ESCOLA DA FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA

CAPITULO I: ORGANIZACIÓN E FUNCÍONS

Art. 1.- A EFGX organizase do seguinte modo:

1. Equipo directivo que estará formado por:
 - a) Un/unha Director/a de Escola
 - b) Un/unha Representante/coordinador/a de todas e cada unha das especialidade deportivas.

c) Actuará coma secretaria a propia da FGX

Os membros do equipo directivo serán nomeados/as por o/a Presidente/a da Federación e revocados por el/ela.

2. Profesorado. Formado por todos/as profesores/as que impartan actividades nos cursos. Para optar a ser profesores deberán de cumprirse as normativas e a lexislación actual.

Art. 2.- Funcións

Serán función do Equipo Directivo da EFGX as que seguen:

1. Elaborar informe das necesidades de formación, para a convocatoria de cursos.
2. Coordinar a celebración dos mesmos.
3. Elixir ao profesorado e comprobar que cumpran coa normativa actual para participar como tales.
4. Anular aqueles cursos que non cheguen a un mínimo de alumnos/as
5. Modificar, se fose preciso, o lugar, horario, datas... etc. antes e durante o desenvolvemento do mesmo, sempre en circunstancias moi especiais.

TÍTULO II: OS CURSOS DE ADESTRADORES/AS

CAPÍTULO I.- CONVOCATORIA

Art. 3.- Os cursos de adestradores serán convocados por a FGX na súa WEB e través dun documento que, entre outros reflectirán, como mínimo, os seguintes datos:

1. Lugar e data de celebración
2. Currículo coas horas de cada área tanto do bloque común como específico
3. Horas do período de prácticas e como facelo
4. Importe do Bloque Específico e Común.
5. Documentación a remitir para facer a inscrición

6. Outros.

CAPÍTULO II.- A INSCRICIÓN

Art. 4.- A inscrición nos cursos da FGX farase a través da WEB e en dúas fases:

a. Preinscrición:

1. Cubrir o documento que figura
2. Ingresar na conta da FGX a cantidade de 100€ e incorporar o resgardo da transferencia no apartado correspondente.
3. Este importe non se devolverá, si se renuncia ao mesmo, se non é por causa xustificada.

b. Inscrición: Rematado o prazo da preinscrición, a EFGX, convocará os cursos, se a matrícula o permitise, de xeito definitivo, onde os/as alumnos/as procederán a inscrición definitiva, coas seguintes premisas.

1. Aportar toda a documentación que se lles solicite.
2. Cumprir as condicións para realizalo.
3. Aboar a parte restante do custo do curso.
4. Este importe non se devolverá, si se renuncia ao mesmo, se non é por causa xustificada.

Art. 5.- Para poder optar a participar nos cursos de formación dos distintos niveis e distintas especialidade os/as alumnos deberán cumprir o seguinte:

1. Nivel I

- a. Estar en posesión da licenza federativa en vigor
- b. Ter cumpridos os 16 anos ou cumprilos no ano natural do desenvolvemento do curso.
- c. Estar en posesión do título de Graduado de E.S.O. ou equivalente
- d. Superar a proba de acceso. Estarán exentos de realizala todos/as os/as alumnos/as practicantes e con licenza os anos anteriores por a especialidade que realice o mesmo

2. Nivel II

- a. Estar en posesión da licenza federativa en vigor
- b. Graduado de E.S.O. ou equivalente
- c. Estar en posesión do título de nivel I por a especialidade solicitada

3. Nivel III

- a. Estar en posesión da licenza federativa en vigor
- b. Estar en posesión do título de Bacharelato ou equivalente
- c. Estar en posesión do título de nivel II por a especialidade solicitada.

Art. 6.- No caso dos cursos de especialidades non reguladas e que non estean no período transitorio para obter o título de adestrador autonómico as condicións serán as mesmas que para ter o título de Nivel I.

CAPÍTULO III DESENVOLVEMENTO DO CURSO

Art. 7.- Os cursos de adestradores/as do período transitorio celebraranse no lugar e datas sinalados coa seguinte carga horaria segundo a lexislación actual:

ESPECIALIDADE	NIVEL	B. COMÚN (Horas)	B. ESPECÍFICO (Horas)	P. PRÁCTI- CAS (Horas)	TOTAL (Horas)
X. Artística	I	60	145	150	255
	II	160	180	200	540
	III	200	210	200	610
X. Acrobática	I	60	110	150	330
	II	160	180	200	540
	III	200	210	200	610
Aerobic	I	60	95	150	305
	II	160	180	200	540
	III	200	210	200	610
Trampolín	I	60	120	150	330
	II	160	180	200	540

	III	200	210	200	610
Rítmica	I	60	140	150	350
	II	160	205	200	575
	III	200	240	200	640

Art. 8.- O bloque común desenvolverase cunha empresa externa autorizada legalmente por a Consellería de Educación, neste momento SAFE FORMACION. Será online con probas finais presenciais.

Art. 9.- O bloque específico será realizado pola EFGX, previa autorización da Escola Galega para o Deporte, nas datas e lugar fixado na convocatoria, co horario que se remitirá aos/as alumnos/as con anterioridade ou no momento de inicio do mesmo.

Art. 10.-Será presencial e obrigatoria a súa presenza. Parte do mesmo poderá ser online segundo se determine na convocatoria e o permita a lexislación vixente no seu momento

Art. 11.- Cada alumno/a terá dereito, por inscrición a dúas convocatorias en cada unha das áreas. No caso de non superar algunha delas deberá de presentarse a un terceira convocatoria. Rematada esta para obter o título debera repetir o curso novamente.

Art. 12.-Para acceder aos probas finais e imprescindible que a parte presencial sexa dun 80%, sempre xustificada con documentos oficiais, táboa de asistencia diaria. De non ser o caso perderá o dereito a convocatoria ordinaria, quedándolle unicamente a extraordinaria.

Art. 13.- Se algún/unha adestrador/a, cun título realizado en tempos anteriores, quixese realizar, durante a realización dun curso, unha reciclaxe, aborará a taxa que se fixe emitíndolle a EFGX e certificado de asistencia se así o pedise. Estes/as alumnos/as de reciclaxe e/ou actualización so poderían asistir, se houberse prazas baleiras despois de realizar a inscrición.

Art. 14.- Os/as alumnos/as deberán de mostrar un correcto comportamento

durante o desenvolvemento da actividade educativa. Se así non o fixese podería ser expulsado, perdería a matrícula, non tería opcións a cualificación nin ordinaria nin extraordinaria e non se lle emitiría título nin certificado de asistencia, sen dereito a devolución económica algunha.

CAPÍTULO IV: TITULACIÓN

Art. 15.- Rematado o curso e remitidos todos os documentos a federación esta procederá a xestionar ante a Escola Galega para o Deporte e emisión do título correspondente. Unha vez recibido remitirase a todos/as os/as alumnos/as aptos/as por correo electrónico.

TÍTULO II: DOS XUÍCES/AS

CAPÍTULO I: A FORMACIÓN DE XUÍCES, RECICLAXE E ACTUALIZACIÓN

Art. 16.- A formación de xuíces/zas e a súa actualización é competencia exclusiva da RFEG e, polo tanto, rexerase pola normativa de ENRFEG.

No seu momento a EFXG poderá convocar cursos de formación de xuíces/zas, que so poderían puntuar a nivel autonómico e non serían recoñecidos/as, como tales, a nivel nacional.

Art. 17.- Sen embargo será competencia da EFGX, o convocar e realizar cursos de formación e actualización de xuíces/as daquelas especialidades non recoñecidas pola RFEG.

TÍTULO III.- A FORMACIÓN CONTINUA

Art. 18.- A actualización e reciclaxe na formación de xuíces/zas, adestradores/as, baseándose nos seguintes principios:

1. Ampliar coñecementos
2. Mellorar e actualizar a súa formación

Art. 19.- Para poder participar nestas actividades de reciclaxe, actualización será preciso:

1. Ter licenza federativa en vigor
2. Estar en posesión do título federativa do estamento e especialidade

correspondente.

3. Facer a inscrición no prazo establecido e aboar as taxas que se fixen.

Art. 20.- En casos puntuais, e dependendo do número de inscritos, poderase autorizar a presenza de persoas doutro estamento e especialidade sempre nas mesmas condicións que os citados no artigo anterior.

DISPOSICIÓN ADICIONAL: Para todas aquelas normas non recollidas neste regulamento, recurirase a normativas de rango superior, como as da ERFEG, Escola Galega para o Deporte e lexislación actual.

DISPOSICIÓN FINAL: .- O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación por a Asemblea Xeral